

A EXPOSICIÓN

A presente mostra, que comprende arredor de duascentas pezas, pretende dar adecuada resposta a todas as distintas facetas dos xoguetes que se acaban de relatar. Ademais dunha proxección audiovisual permanente, na que se poden contemplar os movementos, moitos deles sorprendentes, dalgún dos xoguetes, xogaremos directamente con outros: uns xirarán, como os tióvivos ou as bailarinas. Outros navegarán, como os barcos “pop pop”, impulsados a través dun circuíto de auga quente cunha mecha ou vela. Outros correrán velozmente. Ata tentaremos o despegue dalgún avión -se o tempo é favorable, claro-. E coa axuda dalgún dos asistentes á exposición, procuraremos representar unha obra -curta- con algún dos teatriños que igualmente se exporán. Diante dunha copia do cadro “Xogos de Nenos”, de Brueghel o Vello, de 1560, buscaremos e apreciaremos a coincidencia entre os xogos actuais e os que xa existían uns seis séculos atrás.

Colaboradores

A presente mostra resulta posible grazas ao patrocinio do Concello de Redondela, e á colaboración de Jose Luis Cobo Cigar (fotografía), Cuchi Carreira (proxeccións audiovisuais), e dos restauradores, Estrella García (falecida), e Jose Quijeiro Figueroa.

Visitas Guiadas

Visitas guiadas de balde os venres e sábados, en dous pases.

○ primeiro, entre as 18:45 e as 19:45 horas.

○ segundo, entre as 19:45 e as 20:45 horas.

Para grupos, de polo menos oito persoas, as visitas serán en días e horas a convir, previa chamada con antelación mínima de tres días

aos números de teléfono:

659 660 240 (Juan) ou 616 465 782 (José Luis).

EXPOSICIÓN DE XOGUETES ANTIGOS: 1900 - 1960

XOGAR A EDUCAR



DO 17 DE MARZO AO 17 DE ABRIL DE 2023
MULTIÚSOS DA XUNQUEIRA DE REDONDELA

COLECCIÓN
Juan Manuel Alfaya Ocampo



HISTORIA

Como se lembra en toda exposición, os xoguetes son tan antigos como a propia humanidade. Babilonios, exipcios, incas e aztecas, gregos ou romanos xa facían xoguetes empregando os materiais da época, como os ósos, a madeira, a cortiza, a pedra ou o barro. Posterior e paulatinamente, utilizouse o ferro, o cristal, o papel, o caucho, o latón e, finalmente, o plástico. Tabas para xogar á chuca, arcos de vimbio, trompos de madeira de buxo, asubíos de ameneiro, codias traballadas de piñeiro ou sobreiras, barquiños de noz, rodas de bocois pequenos, tirapedras de pólas esgalladas ou carrabouxos, bolas de barro, frautas de cana, pelotas de farrapo, paxariñas de papel, pellos, billardas, foguetes de xunco, monecas de pedra ou de de follato de millo, sacos de tea para carreiras, pelexos para tambores, zoadeiras ou zumbadores, figuras de chumbo, vellas caixas de bolas, ou trompetas de corno foron, entre outros moitos, os materiais e os mecanismos cos que, moitas veces con poucos medios e sempre con moita imaxinación, viñeron fabricar e xogar, dende os máis remotos tempos, aquelas civilizacións, e as postreiras, ata chegar á actualidade. Nestes extremos, recomendamos que miredes o cadro “Xogos de Nenos”, de Brueghel o Vello, que aparece nun mural da mostra.

SOCIOLOXÍA

Xoguetes e sociedade van da man. Ou por dicilo doutro xeito, os xoguetes son un reflexo da sociedade en cada intre e lugar. Inicialmente, e ata a Revolución Industrial, os xoguetes eran privilexio exclusivo de ricos e poderosos. Soamente os fillos e fillas dos monarcas, nobres ou terratenentes os posuían, e por encargo único e específico dos seus acomodados proxenitores. Os pobres carecían de xoguetes, agás dos feitos, máis ou menos rudimentariamente, por eles mesmos. Os xoguetes eran para a élite. E como acontecía coa propia humanidade, e por cinguirnos a Europa, os xoguetes imitaban á xente pudiente, na súa contorna social e usos, nos seus honorables oficios e mesmo na súa fisognomía: escolares uniformados, nenos e nenas de raza branca, case sempre loiros, mulleres e homes ben vestidos... Escasísimos xoguetes de persoas de cor negra había, e desenvolvendo, en todo caso, labores sociais menores, moi sacrificados e, en definitiva, innobres e desprezados por todos aqueles primeiros. E os xoguetes eran, en fin, expresión e copia, en indiscutida separación igual que na realidade social, de homes e mulleres con oficios e tarefas propios e non mesturables. O eido dos xoguetes non podía ser alleo ao machismo reinante, ou á falsa -e interesada- filosofía de superioridade do home sobre a muller.



Pois ben, tamén na mostra salientaremos esta intolerable situación, baixo o elocuento rótulo de “A mala educación”. Pero lembrar sempre, non o esquezades, que os xoguetes nunca foron nin culpables nin cómplices de semellantes, graves, inxustas e incalificables maneiras de pensar e actuar, aldraxes e desatinos.

CARACTERÍSTICAS

Os xoguetes non se crearon para miralos ou contemplalos. Contrariamente, naceron para movelos, manipularlos; ou sexa, e en definitiva, para xogalos. Un xoguete, sen ser xogado, é unha frustración tanto para o neno(a) como para o xoguete. A súa característica máis relevante é, xa que logo, o movemento, logrado, ora polo propio rapaz ou rapaza, empurrándoo, arrastándoo

ou facéndoo xirar, por exemplo, ora a través de externos e imaxinativos mecanismos, como a fricción, o resorte, as cordas, e máis modernamente, os sistemas eléctricos e electrónicos. Estamos nestes últimos casos ante os xoguetes “autómatas” ou que se moven por si mesmos. En definitiva, o importante e decisivo é que os xoguetes teñan vida, e que as nenas(os) os fagan vivir. E partindo dese elemento esencial, do movemento, podemos xa definir os xoguetes, de conformidade co Dicionario da Real Academia Galega, como “aqueles obxectos cos que os nenos (as) xogan e desenvolven determinadas capacidades”, nunha definición omnicompreensiva, por unha banda, dos xoguetes lúdicos propiamente ditos ou de puro divertimento, e por outra, dos xoguetes educativos, como os crebacabezas ou puzzles, ou os de ciencia.